

1988-84

S O N E T O S   C   N A D A L.

Lema: ALELUIA.

I.

Está nevando amor no mundo enteiro,  
(!mais os homes apenas saben nada!).  
Proclaman as campás unha alborada  
a sonaren alegres no sineiro.

A terra esperta nun urro grandeiro,  
e cantan os galexos entre a xeada  
a anunciar unha nova cobizada:  
a nacida de Cristo xusticieiro.

!Xesús naceu!, exclama alegremente  
o coro dos meniños sobre as neves  
ciscadas xunto ó camiño real.

!Xesús naceu!, resposta o eco de enfrente  
xurdido dunha cume nua e sen sebes:  
!Serra aberta! !Agoiro de Nadal!

II.

Ledo Nadal dos cómaros nevados,  
vido dun país donde non remata  
a ledicia continua que desata  
os corazóns de noxo aferrollados.

Dende terras adentro, apaixoadó,  
entre fouce e gadafía, pranto e amata,  
entrégoche o meu canto na túa data  
ateigada de amor recén granado.

Aquel neno nacido nun pendello  
atárono de pés e maus vilmente  
porque trouxo nos beizos a verdade.

Cómpre seguir seus pasos -ronsel vello-  
deica trocar súa voz nun facho ardente  
e apropiarnos pra sempre da súa herdade.

III.

En Belén, mesmo xunto ó camiño,  
polo Nadal, cada ano, unha rosa  
frolece boniteira e asaz vizosa  
en lembranza daquel neno diviño.

As xentes vanlle dar o seu aloumiño,  
e vai medrando lúcida e fermosa  
no corazón de todos onde airosa  
esparxe a súa ledicia coma un viño.

Abrollou fai caseque dous mil anos  
a se facer testigo dun suceso  
grabado de cotío na memoria.

Frolece pra ventura dos humanos,  
que sempre a foron ver co peito aceso  
en lapadas de amor e mais de gloria.

---oo---

IV.

Celebro o Nadal, ben ledo e algareiro,  
pois é data feliz na crua invernía,  
mes encheito de gozo e de armonía,  
tempo de bailar ó son do pandeiro...

Celebro, con relouco ventureiro,  
o excenso paristallo de María,  
o exemplo de Xosé trocado en guía,  
a Noiteboa co adorno no piñeiro...

Celebro o dóce saibo do turrón,  
os pastores decindo a súa ladaíña,  
as folerpas a cair ingratamente...

Celebro os tres Magos en oración,  
a música lanzal da panxoliña,  
o amor esparexido rente a rente...

V.

Xúnguese nunha aperta ceos e terra  
porque naceu o meniño redentor  
latexando esperanza e mais amor  
pra que renaza a paz e finde a guerra.

Xúnguense ás dúas mans, de serra a serra,  
os homes bos que viven sen rencor  
e agardan a luzada dun albor  
pra escorrentar o medo que os aterra.

Xúnguese branco e negro nun abrazo  
e arromban o fusil e a metralleta  
pra cantar panxoliñas ó recén.

Xúnguese a humanidade brazo a brazo  
e camiña en ringleira cara a meta  
disposta xa fai sigros en Belén.

VI.

No meio da Terrachá nua e largacía,  
pousase dende fai tempo un gasallo  
e pra velo brilar sen refugallo  
corre a xente a Begonte en romería.

Levando o corazón por regalia,  
corre a xente, sen lixo nen arruallo,  
pois vive das angueiras do traballo  
convertidas decote en teimosía.

Os romeiros do mundo corren ledos  
a postrarse arreo diante dun Belén  
ergueito entre sorrisos e abelencia.

Todos deixan atrás coitas e medos  
e corren a Begonte cheos de ben  
a faceren examen de conciencia.